

Resumo programación didáctica

Proxecto Competencial 2º ESO

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais. Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI rural. O grupo seleccionado de 2º ESO, está composto por 1 alumno e 1 alumna que son estranxeiros e levan menos dun ano en Galicia. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Estudo	Estudo da importancia do soño.	33	11	X		
2	Investigo	Como son os hábitos na miña contorna.	33	13		X	
3	Melloro	Campaña para mellorar os hábitos se é necesario	34	11			X

3. Criterios de cualificación

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación e entrega da presentación con toda a información recompilada.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Traballo en equipo. Adopción de rol concreto. Participación activa.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Realización da campaña Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas

rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde...

A nota da avaliación ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

4. Criterios de recuperación

No caso de que alguén non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto e por conseguinte non acade un 5 na valoración dunha avaliación, terá que realizar unha proba escrita. O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación.